

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE LUDÓPATAS EN REHABILITACIÓN (AGALURE) PARA O APOIO DE ACCIÓNS EN MATERIA DE XOGO RESPONSABLE, DURANTE O ANO 2026

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, Don Miguel Corgos López-Prado, conselleiro de Facenda e Administración Pública, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude das facultades que lle atribúe a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, Don Francisco Luis Gil Sánchez presidente da Asociación Gallega de Ludópatas en Rehabilitación (AGALURE) e en virtude das atribucións que lle confire o artigo 28 dos Estatutos que rexen dita asociación (nº 2004/007181-1º) do Rexistro Central de Asociacións desta Comunidade Autónoma).

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica bastante e poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar ás súas representadas e a tal fin,

EXPOÑEN

PRIMEIRO - O artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala como da competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, entre outras, a ordenación dos casinos, xogos e apostas, con exclusión das apostas mutuas deportivo benéficas. Mediante Real Decreto 228/1985, de data 6 de febreiro de 1985, a Administración Xeral do Estado transferiu a Galicia competencias e funcións en materia de xogo.

As competencias en materia de xogos e apostas da Comunidade Autónoma de Galicia atribúense á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro en virtude do disposto no artigo 4 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

No exercicio desta atribución competencial, correspóndelle á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro en materia de xogo o desenvolvemento das funcións de xestión administrativa, as cales exercerá a través da Subdirección Xeral de Xogo.

SEGUNDO - A Asociación Gallega de Ludópatas Rehabilitados (AGALURE) consta inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2004/007181-1º e ocúpase de ofrecer atención especializada a persoas que padecen ludopatía e problemas derivados da adicción ao xogo, así como a realizar funcións de información, orientación e sensibilización ao conxunto da sociedade.

O seu programa de actividades abarca:

- a) atención telefónica diaria
- b) consulta do equipo técnico
- c) terapias de grupo semanais
- d) informacións asociativas
- e) terapias familiares
- f) grupos de apoio terapéutico
- g) terapias con pacientes rehabilitados
- h) establecer contactos coa Administración local e autonómica
- i) divulgación nos medios de comunicación
- j) programas de divulgación en concellos, colexios e profesionais
- k) elaboración de folletos e carteis e difusión destes
- l) actos sociais para fomentar a convivencia entre os socios

TERCEIRO - Entre os fins da Asociación AGALURE están os de:

1. Ofrecer ás persoas que padecen a enfermidade da ludopatía ou outras adiccións sen substancias ou comportamentais e ao entorno destes a atención médica, psicoterapéutica, asesoramento xurídico e os apoios necesarios para a rehabilitación e inclusión social dos afectados.
2. A difusión e sensibilización que axude á detección das persoas afectadas por este problema coa finalidade de facilitar a realización das actuacións preventivas necesarias e que fomente o apoio e a comprensión social a este colectivo.

CUARTO - De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cómpre salientar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública en atención a que esta actividade de interese público unicamente é desenvolvida en Galicia de xeito específico por dúas asociacións e que ambas as dúas asociacións son beneficiarias do mesmo importe de subvención por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública.

QUINTO – De acordo co disposto no artigo 19.4 c) LSG establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Neste suposto a beneficiaria desenvolve actuacións de interese social ao que debe engadirse que so existe outra asociación que desenvolve actuacións semellantes, a cal recibe da consellería unha subvención nos mesmos termos.

A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, ambas as dúas partes deciden establecer un convenio de colaboración en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeiro.- Obxecto

O obxecto deste convenio é a concesión dunha subvención directa por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública en favor da Asociación Gallega de Ludópatas Rehabilitados (AGALURE), para o financiamento de parte dos gastos de aluguer do centro asistencial da asociación situado na rúa Pasteur, 30 baixo (A Coruña), na que desenvolven as súas accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento en materia de xogo responsable.

Segundo – Obrigas da asociación AGALURE

A Asociación AGALURE queda obrigada a:

1. Destinar os fondos percibidos ao financiamento dos gastos aos que fai referencia a cláusula primeira e terceira.
2. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,
3. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento concedido en virtude deste convenio, cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel, e someterse ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas exixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ó Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.

Terceira. Obrigas da Consellería de Facenda e Administración Pública.

A Consellería de Facenda e Administración Pública aboará o importe da subvención, en cantidade de 7.000 euros (sete mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria 10.01.611A.481.10 (CP: 2018 00106) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

O gasto subvencionable é o alugueiro das instalacións do centro asistencial da asociación AGALURE así como os gastos de mantemento do local social, en particular, os relativos á subministración enerxética e de telecomunicacións.

A achega pública é un importe certo e queda por conta da Asociación AGALURE a diferenza do financiamento necesario para a total execución dos gastos subvencionados. (Artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións).

Cuarta. Xustificación e libramento dos fondos.

A achega económica da Consellería de Facenda e Administración Pública, realizarase nos termos requiridos no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Para poder percibir o importe de subvención, a asociación AGALURE entregará a seguinte documentación:

- A conta xustificativa do gasto total de aluguer do centro asistencial da asociación e os relativos á subministración enerxética e de telecomunicacións, acreditado mediante facturas e os correspondentes xustificantes bancario de pagamento.
- O representante da asociación acreditará a realización do importe correspondente de aluguer mediante certificación.
- Con anterioridade á xustificación dos gastos realizados presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas, como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a consellería, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá presentarse á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública antes do día 15 de decembro de 2026.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Quinto. Publicidade.

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Sexta. Causas de resolución.

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial por parte do beneficiario das súas obrigas recollidas neste convenio, sen prexuízo do establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, das supostos e obrigas de reintegro.

Sétimo. Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1 letra d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado nacional, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Oitavo. Seguimento do convenio.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada polo Secretario Xeral Técnico e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública e o Presidente da Asociación, ou persoas que designen no seu nome, e un representante máis de cada unha das partes.

A Comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán as de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan darse respecto do convenio.

Noveno. Xurisdición.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ó disposto polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Décimo. Vixencia.

A vixencia do presente convenio será dende o momento da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se podan atender gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2026.

Undécimo. Reintegro por incumprimento.

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acredítase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade delas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da existencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

Duodécimo. Normativa aplicable.

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, no lugar indicado e na data da súa sinatura dixital.

En representación da Consellería de Facenda e Administración Pública

O conselleiro

Miguel Corgos López-Prado

En representación de AGALURE

O presidente,

Francisco Luis Gil Sánchez